



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Infraestructuras e Mobilidade

Unificación de sectores 2-3 a efectos do servizo público de ordenación e regulación de aparcadoiro (ORA)

Concellaría de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Mobilidade

Servizo de Mobilidade Urbana

Exp.: CON-10/2014

EDICTO

UNIFICACIÓN DE SECTORES 2 - 3 A EFECTOS DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DE APARCADOIRO (ORA)

Por resolución de fecha 12 de abril do 2021 ditada polo Concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo adoptado na súa sesión de data 28 de xuño do 2019 publicado no BOP núm. 124, do 03.07.2019), adoptouse o seguinte acordo extraído do tenor literal da dita resolución, no exercicio da competencia atribuída polo artigo 4.2 da Ordenanza municipal reguladora do servizo público de ordenación e regulación do aparcadoiro:

PRIMEIRO.—Unificar, a efectos do servizo público de ordenación e regulación do aparcadoiro nas vías públicas (ORA), os sectores 2 e 3 que figuran no Anexo II da Ordenanza reguladora da ORA, que pasará a denominarse Sector 3 e regularse do seguinte modo, segundo a posibilidade recollida no artigo 4.2 da dita normativa municipal:

Sector 3

Abarca a superficie situada dentro do perímetro delimitado polas vías seguintes:

Praza Pontevedra, Modesta Goicurúa, Barrié de la Maza, Sol, San Andrés, Rúa Nueva, Marchesi e Dalmau, Avda. Marina, Alcalde Casás, Avda. do Porto, Praza Orense, Avda. Linares Rivas, Alfonso Molina e Juan Flórez (números impares, e pares do 2 ao 84).

3.1. Zona de uso xeral.

Avda do Porto (zona surtidor de gasolina), Comandante Fontanes, Durán Loriga, Entrejardines, Fiscal José Gómez Naveira, Socorro, Santa Catalina, San Andrés (Alameda - Santa Catalina e Rúa Nueva - Pórtico de San Andrés), Emilia Pardo Bazán, Federico Tapia, Francisco Mariño, Juan Flórez, Juana de Vega, Rosalía de Castro e Teresa Herrera.

3.1.1. Zona de uso xeral de corta duración-Parking Express.

Corta Duración I (Parking Express): San Andrés (Santa Catalina-Mantelería) e Federico Tapia (número 2-8 e 24-38).

Corta Duración II: praza de Lugo.

3.2. Zona de uso de residentes.

Huertas, Travesía de Huertas, Pasadizo del Orzán, Arzobispo Lago, José Cornide, Fernando González, Fonseca, Fontán, Marcial del Adalid, Modesta Goicourúa, Notariado, Padre Feijóo, praza Galicia, praza Orense, Picavia, Pintor Joaquín Vaamonde e Ramón de la Sagra.

3.3. Zona de uso mixto (xeral e residente)

Cordelería, Betanzos, Ferrol, e Menéndez Pelayo.

SEGUNDO.—Dispoñer que no Sector 3 unificado se permita, polos residentes dos anteriores sectores 2 e 3, a utilización indistintamente das prazas de aparcadoiro de uso de residentes existentes no sector unificado, debendo a entidade concesionaria do servizo de informar aos residentes desta posibilidade.

TERCEIRO.—Notificar a modificación contida nesta resolución á entidade concesionaria do servizo público da ORA para que proceda á sinalización do novo sector unificado, e dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, consonte

co disposto no artigo 4.3 da Ordenanza reguladora do servizo público da ORA, coa finalidade de garantir en cada momento o coñecemento dos usos e sectores en vigor e facer efectivo o seu cumprimento.

O que se publica en cumprimento do disposto no artigo 4.3 da dita Ordenanza da ORA para a súa eficacia, así como para a correspondente sinalización, coa finalidade de garantir en cada momento o coñecemento xeral dos usos e sectores en vigor e facer efectivo o seu cumprimento.

A Coruña, 12 de abril do 2021.

A ALCALDESA, PD. (Decreto de delegación do 26 de xuño do 2019 (BOP núm. 124, do 03.07.2019)

A Directora da Área de Infraestruturas e Mobilidade

Elvira Quinteiros Lorenzo

2021/3005